

Le o texto e resolve as actividades que se propoñen sobre el:

Fora despois de xantar, a iso das catro, cando Laura decidira saír da súa casa, alonxarse dos libros e dos traballos, e baixar ata o parque. E alí estaba agora, cos ollos entrecerrados, sen pensar en nada, sentindo na cara o aire fresco e o sol morno, que era coma un aloumiño no corpo. Así, quieta, no parque case solitario, sentía que todo volvía a estar ben. Da súa cabeza desaparecían os exames, e os libros, e as notas; e a discusión coa súa nai; e os problemas con Milena; e a obsesión por Miguel. Todo estaba mellor que pola noite, cando se apagaba a luz e parecía que de repente se acumulaban as pantasma, as preocupacións, os problemas...

Agustín Fernández Paz: Rapazas, Edicións Xerais.

**1** a) Onde ten lugar esta historia? En que momento do día?

.....

b) Como se sentía a nena nese lugar?

.....

c) Había moita xente?

.....

d) Que datos coñecemos sobre o tempo que ía?

.....

.....

**2** Escribe a familia léxica da palabra subliñada no texto.

.....

.....

.....

**3** Pon unha A (voz activa) ou unha P (voz pasiva) ao lado de cada oración:

- Laura olvidou as súas preocupacións. ....
  - O libro *Rapazas* foi escrito por Agustín Fernández Paz. ....
  - Laura fixo esa mañá o exame de Inglés. ....
  - Os problemas foron resoltos por Laura. ....
  - Ela leu un libro. ....
- Agora, transforma aquelas que estaban en voz activa a voz pasiva.

.....

.....

.....

**4** Completa as seguintes palabras con *b* ou con *v*:

- |             |               |                 |              |
|-------------|---------------|-----------------|--------------|
| .....urla   | .....arrer    | camiña.....a    | a.....ó      |
| mó.....il   | .....urro     | conser.....ar   | .....aleiro  |
| ser.....ir  | mara.....illa | su.....director | .....isneto  |
| gra.....ata | gara.....anzo | .....eira       | .....ermello |

**5** Pasa estes textos a estilo indirecto:

Tania preguntou: «Onde está a miña mochila?».

.....

.....

O pai díxolle: «Ten coidado».

.....

.....